



ACTA DE CORRECCIÓN POR OMISIÓN NA ACTA DE 29 DE ABRIL DE 2024 DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE DÚAS SOLICITUDES DE ENTIDADES LOCAIS QUE NON ACADAN A PUNTUACIÓN DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 15 DA ORDE DE 22 DE DECEMBRO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO E ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, DESTINADAS AO FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES DERIVADOS DA REALIZACIÓN DE FESTIVAIS, FEIRAS, MOSTRAS, CICLOS E CERTAMES DE ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS.

Advertido erro material no anexo I b.1. da Acta da sesión celebrada o día 29 de abril de 2024 da comisión de valoración creada ao abeiro do artigo 14 da Orde do 22 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades sen fin de lucro e entidades locais galegas, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais.

Ao amparo do artigo 109,2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas polo que a Administración pode proceder a corrixir os erros materiais, aritméticos e de feito; resólvese:

Primeiro: Modificar o listado do anexo I b.1 engadindo os expedientes 2024-0021 do concello de Baiona e 2024_2025 de Xunqueira de Ambía, que presentaron correctamente a documentación e foron obxecto de valoración na correspondente sesión, tal como se fai constar na contabilización das solicitudes

Segundo: Modificar a data de alegacións de 10 días hábiles prevista no artigo 15.6 da Orde de 22 de decembro, que contarán a partir do seguinte ao de data de publicación desta corrección de erros da proposta provisional na páxina web da Consellería <https://www.cultura.gal>.

Unha vez transcorrido o prazo e logo de examinar, no seu caso, as alegacións presentadas, formularase a proposta de resolución definitiva na que se expresará as entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención, o proxecto subvencionado e o importe da subvención proposta.

Por todo iso, e unha vez rectificada a omisión detectada pola comisión de valoración, redacto a presente corrección que eu secretaria someto á sinatura do presidente e dou fe.





ANEXO I

b).1: Non acadan a puntuación mínima requirida no artigo 15.2 da Orde

Nº Expediente	Entidade	NIF	Proxecto	Puntuacións				Total
				14.1.A	14.1.B	14.1.C	14.1.D	
2024_001	P3206800I	Rairiz da Veiga	Noite Moura	5	10	0		15
2024_006	P3204500G	Manzaneda	Certame Celtibérico ...	16	23	25		64
2024_0021	P3600300B	Baiona	VIII Festival Sons Do Casco 2024	5	18	5		28
2024_0025	P3203700D	Xunqueira de Ambía	XXXV Ciclo de órgano e música antiga	5	22	25		52
2024_0034	P3207600B	San Cibrao	As Viñas- Fest	0	23	25		43
2024_0036	P3202400B	Castro Caldelas	Festival Ponte louco	8	19	15		42
2024_0037	P2705800G	Saviñao	Festa da Vendimia	7	15	25		47
2024_0038	P3208400F	A Veiga	Festival Artes Escénicas Al magisti	0	23	0		23
2024_0040	P3200300F	Amoeiro	Festival de Musica Noites de Amoeiro	0	13	25		38
2024_0042	P3605200I	Silleda	Festa da Empanada	8	21	25		54
2024_0044	P3604800G	O Rosal	Rosal Cámara Fest	3	25	15		43
2024_0054	P2703100D	Monforte	Monforte Fusión Xuvenil	3	17	15		35
2024_0061	P3203100G	Entrimo	Ficar en Entrimo	7	27	0		34

